


PLAN DIXITAL



CPR Cardenal Cisneros de Ourense

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Titularidade	Colexio Cardenal Cisneros S.L
Código do centro	32009062
Denominación	CPR Cardenal Cisneros
Enderezo	R/Emilia Pardo Bazán, nº 21. Ourense
Código da localidade	32004
Teléfono	988225495 / 674145386
Correo	cpr.cardenal.cisneros@edu.xunta.gal
Web	https://cisnerosourense.wordpress.com/
Tipo de Autorización	Definitiva para os niveis de Educación Infantil, Primaria e ESO.
Tipo de Autorización	Definitiva para unha unidade de Educación Especial.
Tipo de Autorización	Seccións bilingües (ed. artística-plástica) 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria.

NIVEL EDUCATIVO	AULA	CURSO	Nº alumnos/as
Educación Infantil	Aula 0	4º Infantil	3
		5º Infantil	6
		6º Infantil	4
Educación Primaria	Aula 1EP	1º EP	9
		2º EP	11
	Aula 2EP	3º EP	8
		4º EP	5
	Aula 3EP	5º EP	7
		6º EP	8
ESO	Aula 1ESO	1º ESO	17
	Aula 2ESO	2º ESO	16
	Aula 3ESO	3º ESO	20
	Aula 4ESO	4º ESO	12
EDUCACIÓN ESPECIAL	Aula EE		2

O centro conta con 21 profesores dos cales un é substituto.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contorno físico

O CPR Cardenal Cisneros está situado na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 21 no concello de Ourense. A maioría do alumnado accede ao Centro, desprazándose a pé, en transporte familiar ou transporte público.

Contexto socio-económico-cultural

No centro atopamos diferentes tipos de familias; tradicionais, que nalgúns casos están formadas por varias xeracións (avós, pais e fillos/as), monoparentais e tamén familias de acollida.

A formación académica na maioría de pais e nais son os estudos primarios.

En canto á situación socio-económica aparecen tres escalóns económico-sociais diferentes:

Unha porcentaxe minoritaria de familias dun nivel socioeconómico medio, outro grupo de familias cun nivel medio/baixo e un terceiro e significativo, no que atopamos familias en risco de exclusión social.

A diversidade é un feito na sociedade que nos toca vivir, e conseguintemente é unha realidade no noso centro. O 85% do noso alumnado é alumnado procedente do estranxeiro.

Esta realidade require a adopción, por parte do centro, de medidas de tipo organizativo e de tipo pedagóxico. A primeira medida é procurar canto antes a súa integración.

Co alumnado procedente do estranxeiro enfrontámonos a situacións como:

-A existencia ou non de escolarización previa no seu país de orixe.

-Desaxuste entre sistemas educativos.

-Descoñecemento do noso sistema educativo.

-Os desfases curriculares.

-Idioma do seu país de procedencia e a realidade de tres linguas no centro escolar: galego, castelán e inglés.

-A problemática derivada dunha situación socioeconómica desfavorecida.

-A incorporación en calquera data do curso escolar, non coincidente necesariamente co seu inicio.

O centro tamén conta cun 15% de alumnado sometido a medidas de protección e tutelanos que a escolarización realízase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral, sendo considerados alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

O conxunto do alumnado confire ao centro un marcado carácter integrador que fomenta a inclusión socio-cultural como fonte de enriquecemento educacional.

Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro

A formulación do Plan Dixital no centro esperta a necesidade de impulsar desde o equipo directivo a introdución efectiva das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

A pandemia puxo de manifesto as nosas carencias dixitais e fixo que a loita que xa tiñamos anteriormente na procura de financiamento que nos permitirá lograr unha mínima dotación de equipamentos fose un compromiso asumido por toda a comunidade educativa.

De xeito paralelo o equipo directivo impulsa a necesidade da formación do profesorado no uso e na posta en práctica educativa do centro, polo que se solicitaron e se cursaron cursos impartidos polo Centro de Formación e Recursos de Ourense ao que asistiu a maioría do claustro. Actualmente valórase a proposta de poder participar en distintos programas como Abalar e Edixgal.

Todas estas inquiredanzas modifican e marcan unha liña de traballo que terá que ser eixo do Proxecto Educativo do centro desde o curso 2021/2022 ao mesmo tempo que condiciona outros Plans e Proxectos do centro.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Os obxectivos do plan Dixital van influír considerablemente na programación xeral anual do vindeiro curso, xa que debemos determinar os itinerarios e as metodoloxías que imos integrar nas concrecións curriculares e nas programacións de aula de cada docente. Débense determinar os contidos en relación aos obxectivos pedagóxicos do plan dixital tendo en conta as diferentes áreas dos currículos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital, encargado da súa elaboración, está formado pola coordinadora M^a Elisa Abad Suárez, o Director, Benigno López Feijoo e a Xefa de Estudos, Patricia Solla Rodríguez.

Comezouse polo análise e diagnose da situación do centro.

Pasouselle un test para recoller analizar a CDD Competencia Dixital Docente recollendo datos a través de SELFIE.

Pasóusello un Test para O Test CDD

A partir dos datos recollidos no SELFIE e no Test de CDD elaborouse un DAFO.

Coñecidas as Debilidades, as Fortalezas, as Ameazas e as Oportunidades, creouse un plan de acción con obxectivos a cumprir e acción a levar a cabo para acadalo.

Por último pasouse a elaboración final do Plan Dixital do centro baseándose no que temos e no que precisamos mellorar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta na actualidade con: Infraestrutura de datos (conectividade a internet).

Conectividade sen fíos desde todas as aulas.

Equipamento:

Das 12 aulas empregadas na actualidade, só 3 están dixitalizadas (Ordenador+canón+EDI)

Existe un equipo de xestión e administración formado por ordenador + impresora + fotocopidora

Na biblioteca un ordenador obsoleto para uso de profesorado e alumnado

Non existen dispositivos dixitais na sala de profesores

Espazos	Nº Total en uso	Nº espazos con equipamento	Equipamento
Aulas	12	3	Ordenador+canón+EDI
Aula Informática	1	1	9 ordenadores + 1 portátil
Administración	1	1	Ordenador+Impresora+fotocopiadora
Sala profesores	1	0	-
Salón de Actos	1	1	Ordenador+canón
Dep. Orientación	1	1	Ordenador
AL	1	1	Ordenador
Dirección	1	1	Ordenador obsoleto
Biblioteca	1	1	Ordenador obsoleto
Aula Música	1	0	-
Psicomotricidade	1	0	-
Comedor	1	0	-

Os servizos dixitais cos que conta o centro son:

- Páxina web
- Aula virtual a reformar
- Non hai mantemento do equipamento de xeito permanente.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa presente no centro na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8	3.7
	Profesorado	3.8	2.9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.8	3.8
	Profesorado	3.3	2.8
	Alumnado	3.1	2.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3	3.5
	Profesorado	3.3	2.8
	Alumnado	3.7	2.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3	4.1
	Profesorado	3.7	3.2
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3	4.2
	Profesorado	4.1	4.2
	Alumnado		3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.9	3.5
	Profesorado	3.6	3.3
	Alumnado	3.4	2.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5	3.6
	Profesorado	3.1	3.2
	Alumnado		2.4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	4.2
	Profesorado	3.7	3.5
	Alumnado	3.4	2.8

Test CDD:

Información recollida nas táboas do informe grupal do TestCDD de centro así como a relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	20	70%
SUBSTITUTO	3	4	75%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,2	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	41	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	74,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
ESO	69	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
EE	90,3	Integrador/a (B1)	72,2	Integrador/a (B1)
ENR	101,5	Experto (B2)	75,4	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	8	47,1%
B1	6	35,3%
B2	3	17,6%
TOTAL	17	100%

Para a análise DAFO inclúise información recollida en documentos do centro no que aparecían recollidas as carencias no ámbito dixital.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C 3. Acceso a internet para ensinar e aprender C 14. Suficiente espazo físico	C 2. Escasos dispositivos dixitais no centro C 1. Infraestrutura dixital limitada C 15. Soporte técnico non dispoñible de forma permanente A 1. Escasa estratexia dixital
	PERSONAL DOCENTE	A 3. Apoio do Equipo Directivo para probar formas de ensino diferentes D 1. Oportunidade de participación en cursos Uso da tecnoloxía dixital para actividades creativas E 1. Procura en liña de recursos dixitais D 3. Compártense experiencias dixitais no centro	A 4. Falta de tempo para explorar o ensino dixital E 2. Non se crean recursos dixitais de xeito habitual F 6. Poucos proxectos transversais empregando a tecnoloxía B 1. Non se emprega a tecnoloxía dixital para avaliar G 3. Non se emprega a tecnoloxía dixital para retroalimentación
	PERSONAL NON DOCENTE	Estabilidade no centro Uso da tecnoloxía para a comunicación coas familias	F 5. Escaso tempo compartido coa Comunidade Educativa Pouca cohesión co traballo diario
	ALUMNADO	Alta motivación no uso das tecnoloxías H3. Aprendizaxe do comportamento en liña de xeito responsable	Non se emprega a tecnoloxía en todas as materias C 8. Falta de ordenadores ou tablets para todo o alumnado
	FAMILIAS	Boa comunicación familia - centro educativo	Contexto socio-económico-cultural medio-baixo C 13. Falta de dispositivo propio da/o alumna/alumno nalgúnhas casas Conciencia de seguridade na rede dos menores Pouco interese no ámbito dixital-educativo
	OFERTA	A3. Recollida temperá A3. Reforzo educativo no centro	C1. Non contar con materias optativas dixitais
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	B 4. Existencia de canles de comunicación entre as distintas etapas educativas C 14. Suficiente espazo no centro	H 12. Profesorado con Competencias Dixit. insuficientes G 8. Falta de avaliación dixital C 5. Falta de asistencia técnica permanente

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C 5. Soporte técnico a través de vía telefónica Existencia de Institucións interesadas no desenvolvemento do Plan Dixital Oferta de cursos FPP en materia dixital	C 1. Infraestrutura dixital C 5. Soporte técnico no centro non permanente
	LEXISLACIÓN	C7. Protocolo de protección de datos A5. Licenzas de dereitos de autor	
	CONTORNA	Existencia de ANPA no centro	Escasos recursos C 16. Escasas propostas dixitais
	ANPA	C 16. Proximidade de Bibliotecas con Banco de recursos dixitais	Pouca relación do uso das tecnoloxías co ensino, máis co tempo de lecer Uso da tecnoloxía maiormente non educativo Contexto socio-económico-cultural medio-baixo
	OUTRAS ENTIDADES	B 4. Sinerxias para a aprendizaxe a distancia	Escasa colaboración con outras entidades en materia dixital

3. Plan de Acción

En cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración do Plan Dixital.

Nesta ocasión plantéxanse uns obxectivos que suporán unha mellora relativa que suporá un avance máis no camiño da dixitalización efectiva.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foi o seguinte:

Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos que queremos conseguir; elixíronse específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Os obxectivos están contextualizados nas áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que tamén se empregará para facer o seu seguimento na fase de avaliación do Plan.

"Área/s de mellora": A - Liderado						
1.- OBXECTIVO :	Difundir entre o profesorado o emprego dos recursos informáticos para a xestión do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% profesorado que emprega os recursos informáticos					
Valor de partida (3)	40 % profesorado que emprega os recursos informáticos					
Valor previsto e data (4)	80 % profesorado que emprega os recursos informáticos			30/5/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear grupo de traballo ao redor das TIC	Equipo Directivo	30/5/2023	Profesorado Dispositivos e infraestrutura dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Convocar reunión por correo electrónico	Equipo Directivo	30/5/2023	Profesorado Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Conta de correo corporativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Empregar a web como axenda de actividades	Coordinador actividades	30/5/2023	Compromiso do profesorado Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Axenda de actividades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: B - Colaboración e redes						
2.- OBXECTIVO:	Colaborar con outras entidades para desenvolver as competencias dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable de actividades extraescolares				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de colaboracións na memoria anual do centro					
Valor de partida (3)	0 colaboracións na memoria anual do centro					
Valor previsto e data (4)	4 colaboracións na memoria anual do centro					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitar charlas do Plan Director da Policía Nacional	Responsable de actividades extraescolares	30/11/2022	Plan Director Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar charlas da Garda Civil	Responsable de actividades extraescolares	30/11/2022	Plan Director Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Solicitar a colaboración de APES e Lecxit	Responsable de actividades extraescolares	30/11/2022	Proxecto APES Proxecto Lecxit Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Realizar charlas	Responsable de actividades extraescolares	30/06/2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Persoal das entidades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C - Infraestructuras e Equipos						
3.- OBXECTIVO :	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de dispositivos actualizados					
Valor de partida (3)	0 % dispositivos actualizados					
Valor previsto e data (4)	75 % dispositivos actualizados			30/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Crear un grupo de traballo	Coordinador TIC	1/7/2022	Profesorado Acta creación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2.:Determinar as necesidades de cada aula	Grupo de traballo	1/10/2022	Listaxe de aulas Plantilla recollida de datos Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Planificar a política de adquisicións para garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para o traballo do profesorado no marco das TIC.	Grupo de traballo	1/11/2022	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Partida económica Modelo protocolo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F - Pedagogía: Implementación na aula						
4.- OBXECTIVO :	Utilizar programas e contornas que faciliten ao alumnado a aprendizaxe en diferentes áreas do Currículo.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura dos Departamentos didácticos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de alumnado da ESO con avaliación positiva no uso dos programas					
Valor de partida (3)	20% alumnado da ESO con avaliación positiva no uso					
Valor previsto e data (4)	75% alumnado da ESO con avaliación positiva no uso			30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.	Xefatura dos Departamentos didácticos	30/12/2022	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Contidos procedimentais Alumnado Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Utilizar os medios dixitais como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.	Xefatura dos Departamentos didácticos	30/06/2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Alumnado Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Empregar técnicas e estratexias diversas para procurar información plasmándoa en presentación de traballos e realización de deseños	Profesorado da materia	30/06/2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Rúbricas de avaliación Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H - Competencias dixitais do alumnado						
5.- OBXECTIVO:	Incrementar a competencia dixital do alumnado con creación de contidos				Acadado	
RESPONSABLE:	Titores primaria				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de creacións					
Valor de partida (3)	0 creacións					
Valor previsto e data (4)	6 creacións			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Realizar obradoiro de creación de vídeos	Coordinador TIC	30/11/2022	App e programas de edición de vídeos Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Crear vídeos didácticos polo alumnado	Titores	30/6/2023	App e programas de edición de vídeos Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Compartir vídeos creados nas redes	Coordinador TIC	30/6/2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Vídeos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste momento a necesidade de mellora das infraestruturas tecnolóxicas, equipamentos dixitais serían:

- **Conexión dixital accesible ao alumnado** coa finalidade de poder desenvolver as súas capacidades dentro do marco dixital.
- **Dixitalización das aulas que non o están:** 9 (Ordenador+Canón+EDI). Por parte dos docentes dispoñer dun ordenador de aula conectado a internet e con acceso a plataforma do centro, suporá realizar máis facilmente actividades de apoio á docencia. Referímonos a preparación das clases, o control da titoría do alumnado (traballos realizados, asistencia...) e a elaboración de materiais didácticos (interactivos e en soporte impreso) o que sen dúbida repercutirá na innovación educativa e na mellora da calidade da ensinanza.
- **Equipo actualizado para a xestión e administración** do centro que permita rapidez e dilixencia no tratamento da información e datos.
- **Equipamento para a Sala de Profesores;** isto posibilitaría que o profesorado contara cunha sala con postos informáticos, impresoras e escáner, co que prepararía materiais para as súas clases durante as horas de garda ou en horario non lectivo.
- **Equipamento para a biblioteca** 4 postos informáticos conectados a internet para a xestión informática dos fondos abandonando o sistema tradicional de tarxetas por unha catalogación informática dos fondos. E para a súa utilización como fonte de informacións para os traballos documentais. Un dos ordenadores sería convinte que estivera conectado a un canón para ser utilizado no ensino non só de programas relacionados coa formación de usuarios da biblioteca e coa procura da información, como con outras actividades programadas polo profesorado de cada aula. A maiores poderíase empregar para a proxección de películas a máis do seu uso audiovisual serve de ferramenta didáctica para o profesorado que acode coa súa clase á Biblioteca.

Sendo conscientes da necesidade de dar uso didáctico a este equipamento, tamén pode ser un espazo para procura de información na internet, actualización de blogs e traballo da páxina web.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

1.-No contexto da **avaliación procesual**: revisarase como mínimo unha vez por trimestre engadindo as veces que se considere necesario.

Valoraranse:

- O estado da execución das accións,
- A análise e valoración dos resultados
- As modificacións das accións (se fose preciso)
- Propostas de mellora.

2.- No contexto da **avaliación final**: realizarase unha vez ao ano de xeito xeral engadindo as veces que se considere preciso.

Valoraranse:

- Logro dos obxectivos
- Propostas de mellora

4.2 Propostas de mellora

As propostas de mellora sairán da avaliación procesual e da final do plan obtida a partir do seguimento.

Aplicaranse as melloras a partir do momento en que se redacten, sempre que sexan factibles (que se dispoña de medios humanos e/ou materias para o seu desenvolvemento)

5. Difusión do plan

Difundirase o Plan Dixital no Claustro de profesores; de aí pasará ao Consello Escolar e, unha vez aprobado, difundirase polos diferentes compoñentes do Consello Escolar en cada un dos seus estamentos.

Posteriormente, será publicado na páxina web do centro.

Así mesmo, nas ordes do día das reunións iniciais de curso 2022-2023, e nas de trimestre, incluírase un punto de información do plan dixital e do plan de comunicación.